



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BERGONDO

Secretaría

Convocatoria pública de axudas económicas ós desprazamentos con fin escolar dirixidas ós estudantes empadroados no Concello de Bergondo. Curso lectivo 2025-2026

EDICTO

A Xunta de Goberno Local do Concello de Bergondo (A Coruña), en sesión ordinaria de 24 de xullo de 2025, e a proposta de Alcaldía, aprobou as Bases da CONVOCATORIA PÚBLICA DE AXUDAS ECONÓMICAS ÓS DESPRAZAMENTOS CON FIN ESCOLAR DIRIXIDAS ÓS ESTUDANTES EMPADROADOS NO CONCELLO DE BERGONDO, CURSO LECTIVO 2025-2026, así como os modelos de solicitude, que estarán dispoñibles na páxina web municipal (bergondo.gal) e na sede electrónica do concello de bergondo (<https://sede.bergondo.gal/opencms/es/>).

“BASES

1.- Obxecto

É obxecto da presente convocatoria favorecer o acceso ós centros de ensino públicos mediante unha axuda nos gastos derivados da utilización de calquera tipo de transporte para acceder ós mesmos.

2.- Criterios

Concederáse unha única axuda para todo o curso lectivo, e establécese como criterio de concesión a distancia que existe entre o domicilio do beneficiario e a localidade do centro de ensino onde estea matriculado, segundo o baremo que figura a continuación (a distancia mínima para percibir a axuda é de 1 km)

- Galicia:
 - o De 1 a 3 km (por ex. Bergondo): ata 40 euros.
 - o De 4 a 15 km (Betanzos, Sada, Miño, Cambre, Oleiros,...): ata 60 euros.
 - o De 16 a 40 km (A Coruña, Arteixo, Ferrol,...): ata 80 euros.
 - o De 41 a 80 km (Santiago...): ata 120 euros
 - o De 81 a 170 km (Lugo, Pontevedra, Ourense, Vigo,...): ata 150 euros.
- Outras comunidades autónomas: ata 200 euros.
- Programas internacionais oficiais: ata 600 euros. Nestes casos tomarase como referencia o lugar onde estea máis tempo, dentro do período mínimo de 6 meses.

As persoas que están cursando estudos en máis dun centro só poderán solicitar a axuda económica para un deles.

Estas contías son as máximas a conceder, e poderán ser menores dependendo do número de beneficiarios/as.

3.- Beneficiarios

3.1. Poderán acollerse os/as estudantes **empadroados no Concello de Bergondo** que cursen calquera dos seguintes estudos, de forma presencial, dentro ou fóra da Comunidade Autónoma Galega:

- Educación Infantil (0-5 anos).
- Bacharelato.
- Formación Profesional.
- Ensinanzas de réxime especial.
- Educación universitaria.
- Programas internacionais oficiais.
- Outros estudos oficiais homologados.

Deberán cumprir ademais os seguintes requisitos:

- a) Ter o padrón durante a totalidade do curso escolar 2025/2026 no concello de Bergondo. No caso contrario poderá solicitarse a devolución da axuda.
- b) Ter o padrón a máis de 1 km de distancia do centro de estudos.
- c) Ter a matrícula nun centro de ensino público.
- d) Estar ao corrente coas obrigas tributarias e da Seguridade Social, de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario de subvencións públicas e de estar ao corrente no cumprimento de obriga por reintegro de subvencións, e autorizar ao concello de Bergondo para que realice as comprobacións oportunas durante o período que dure o proceso.

3.2. Non poderán acollerse as persoas que se encontren nos seguintes supostos:

- **Ter solicitada ou concedida para o presente curso lectivo calquera outra axuda económica para o mesmo fin, que cubra na súa totalidade os gastos de desprazamento.**
- Cursar estudos de Educación primaria ou secundaria (ESO).
- Estar matriculados en centros privados ou públicos concertados.
- Cursar estudos con duración inferior a 6 meses.

4.- Publicación das bases e prazo de presentación de solicitudes

As bases aprobadas polo órgano competente, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia (BOP), no Taboleiro de Editos da sede electrónica (<https://sede.bergondo.gal/opencms/gl/informacion/tablon/>), así como na web oficial: bergondo.gal.

O prazo de presentación de solicitudes determinarase no extrato desta convocatoria que publicárase no BOP, a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvenciones.

5.- Documentación a presentar

As solicitudes presentaranse **preferiblemente a través da sede electrónica** ou, opcionalmente no rexistro xeral do concello de Bergondo. Para a presentación presencial recoméndase solicitar cita previa:

- Preferiblemente cubrindo o formulario de atención presencial con cita previa na páxina web (<https://sede.bergondo.gal/opencms/gl/cita/index.html>)
- Opcionalmente no número 981 791 252 (ext.2)

A documentación a presentar será a seguinte:

- **ANEXO I: Solicitud.** Que incluíra declaración responsable de:
 - o Ser certos os datos que figuran na presente solicitude e, no seu caso, a documentación que se xunta, e que esta última é fiel copia dos orixinais.
 - o A veracidade dos datos bancarios.
 - o Coñecer e aceptar e comprometerse ao cumprimento das bases reguladoras e a convocatoria da axuda así como cumprir os requisitos esixidos na mesma.
 - o **Non percibir ningunha outra axuda económica para o mesmo fin, que cubra na súa totalidade os gastos de desprazamento.**
 - o Estar ao corrente coas obrigas tributarias e da Seguridade Social, de non estar incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a de subvencións públicas e de estar ao corrente no cumprimento de obriga por reintegro de subvencións, e autorizar ao concello de Bergondo para que realice as comprobacións oportunas durante o período que dure o proceso.
- No caso de que sexa necesario, haberá que presentar a **acreditación da representación** mediante o modelo **ANEXO II**.
- **Fotocopia do DNI** (os datos necesarios son o nome e o número de DNI). No caso de presentala en convocatorias anteriores, se non se modificou a mesma, non será necesaria a súa presentación.
- **Fotocopia do certificado do número de conta bancaria.**
 - o No caso de presentala en convocatorias anteriores, se non se modificou a mesma, non será necesaria a súa presentación.
 - o O número de conta non deberá cancelarse nin modificar a súa titularidade ata que non se perciba o importe da axuda.

o O número de conta deberá ser do estudante. No caso de que o estudante non dispoña dela poderá poñerse a do pai, nai ou representante legal; entendendo que o estudante autoriza (se este fóra maior de idade) ao concello a realizar o ingreso nesa conta. No caso de que o estudante sexa maior de idade deberá cubrirse o **ANEXO III**.

- **Certificado ou acreditación de estar matriculado/a** no actual curso académico. Preferiblemente este documento será expedido polo centro de estudos correspondente. No caso contrario, admitirase fotocopia do resguardo da matrícula e do pago das taxas correspondentes.

Esta documentación **non será necesaria** para os/as matriculados/as na **escola infantil municipal de Bergondo**.

Os **ANEXOS I, II e III** estarán a disposición dos solicitantes na páxina web bergondo.gal

6.- Procedemento de concesións

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, a traballadora encargada do expediente, xunto coa Concelleira delegada da área de educación, procederá ao exame das solicitudes presentadas, que implicará a comprobación previa para verificar que as persoas solicitantes reúnen os requisitos esixidos. No caso de que algunha das solicitudes tivese algún erro ou omisión subsanable, seralle comunicado á persoa interesada para que, no prazo máximo e improrrogable de dez días hábiles poida emendar a falta. Se os erros non se corruxisen ou non se cumprisen os requisitos mínimos establecidos, non se admitirá a solicitude.

Rematada a dita comprobación, o estudo e valoración das solicitudes realizarase pola comisión de valoración, integrada polos seguintes membros:

- Presidenta: Alcaldesa do concello de Bergondo ou persoa en quen delegue.
- Concelleira de Ensino, Cultura e Deportes ou persoa en quen delegue.
- Tres funcionarios do concello, un deles actuando de Secretario da Comisión.

A comisión de valoración remitirá a súa proposta á Xunta de Goberno Local, órgano encargado do seu outorgamento. O acordo será notificado expresamente a tódolos solicitantes de forma fidedigna, por calquera dos medios previstos na Lei 39/2015.

7.-Xustificación

A efectos de xustificar a axuda concedida, o concello de Bergondo comprobará que os/as estudantes a destinaron para a finalidade para a que foi concedida.

Para elo, os beneficiarios deberán presentar unha vez finalizados os estudos e, como máximo, ata o 11 de setembro de 2026, algún dos seguintes documentos:

- Certificado que acredite que se presentaron, como mínimo, ao 50% das materias nas que se estaba matriculado. Preferiblemente este documento será expedido polo centro de estudos correspondente. No caso contrario, admitirase copia do boletín de notas ou do expediente académico no que se acredite esta circunstancia.
- Certificado de asistencia ao centro escolar durante o curso 2025-2026.

8.-Disposición final

- As axudas serán concedidas sempre co límite orzamentario da aplicación orzamentaria correspondente a tal fin dentro do vixente orzamento municipal.
- En todo o non previsto nas presentes bases, será de aplicación a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e os seus correspondentes desenvolvementos regulamentarios; así como a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Ordenanza municipal de transparencia, acceso á información e reutilización (BOP núm. 78 do 28.04.2015)

BASES

1.- Objeto

Es objeto de la presente convocatoria favorecer el acceso a los centros de enseñanza públicos mediante una ayuda para los gastos derivados de la utilización de cualquier tipo de transporte para acceder a los mismos.

2.- Criterios

Se concederá una única ayuda para todo el curso lectivo, y se establece como criterio de concesión la distancia que existe entre el domicilio del beneficiario y la localidad del centro de enseñanza donde esté matriculado, según el baremo que figura a continuación (la distancia mínima para percibir la ayuda es de 1 km)

- Galicia:
 - o De 1 a 3 km (por ej. Bergondo): hasta 40 euros.
 - o De 4 a 15 km (Betanzos, Sada, Miño, Cambre, Oleiros,...): hasta 60 euros.
 - o De 16 a 40 km (A Coruña, Arteixo, Ferrol,...): hasta 80 euros.
 - o De 41 a 80 km (Santiago...): hasta 120 euros.
 - o De 81 a 170 km (Lugo, Pontevedra, Ourense, Vigo,...): hasta 150 euros.
- Otras comunidades autónomas: hasta 200 euros.
- Programas internacionales oficiales: hasta 600 euros. En estos casos se tomará como referencia el lugar en donde esté mas tiempo, dentro del periodo mínimo de los 6 meses.

Las personas que están cursando estudios en más de un centro solo podrán solicitar la ayuda económica para uno de ellos.

Estas cuantías son las máximas a conceder, y podrán ser menores dependiendo del número de beneficiarios/as.

3.- Beneficiarios

3.1. Podrán acogerse los/as estudiantes **empadronados en el Ayuntamiento de Bergondo** que cursen cualquiera de los siguientes estudios, de forma presencial, dentro o fuera de la Comunidad Autónoma Gallega:

- Educación Infantil (0-5 años).
- Bachillerato.
- Formación Profesional.
- Enseñanzas de régimen especial.
- Educación universitaria.
- Programas internacionales oficiales.
- Otros estudios oficiales homologados.

Deberán cumplir además los siguientes requisitos:

- a) Tener el padrón durante la totalidad del curso escolar 2025/2026 en el ayuntamiento de Bergondo. En el caso contrario podrá solicitarse la devolución de la ayuda.
- b) Tener el padrón a más de 1 km de distancia del centro de estudios.
- c) Tener la matrícula en un centro de enseñanza pública.
- d) Estar al corriente con los deberes tributarios y de la Seguridad Social, de no estar incurso en ninguna de las prohibiciones para obtener la condición de beneficiario de subvenciones públicas y de estar al corriente en el cumplimiento del deber por reintegro de subvenciones, y autorizar al ayuntamiento de Bergondo para que realice las comprobaciones oportunas durante el período que dure el proceso.

3.2. No podrán acogerse las personas que se encuentren en los siguientes supuestos:

- **Tener solicitada o concedida para el presente curso lectivo cualquier otra ayuda económica para el mismo fin, que cubra en su totalidad los gastos de desplazamiento.**
- Cursar estudios de Educación primaria o secundaria (ESO).
- Estar matriculados en centros privados o públicos concertados.
- Cursar estudios con duración inferior a 6 meses.

4.- Publicación de las bases y plazo de presentación de solicitudes

Las bases aprobadas por el órgano competente, se publicarán en el Boletín Oficial de la Provincia (B.O.P), en el Tablero de Editos de la sede electrónica (<https://sede.bergondo.gal/opencms/gl/informacion/tablon/>), así como en la web oficial: bergondo.gal.

El plazo de presentación de solicitudes se determinará en el extrato de esta convocatoria que se publicará en el BOP, a través del Sistema Nacional de Publicación de Subvenciones.

5.- Documentación a presentar

Las solicitudes se presentarán **preferiblemente a través de la sede electrónica** o, opcionalmente en el registro general del ayuntamiento de Bergondo. Para la presentación presencial se recomienda solicitar cita previa:

- Preferiblemente cubriendo el formulario de atención presencial con cita previa en la página web (<https://sede.bergondo.gal/opencms/gl/cita/index.html>)
- Opcionalmente en el número 981 791 252 (ext.2)

La documentación a presentar será la siguiente:

- **ANEXO I: Solicitud.** Que incluirá declaración responsable de:
 - o Ser ciertos los datos que figuran en la presente solicitud y, en su caso, la documentación que se junta, y que esta última es fiel copia de los originales.
 - o La veracidad de los datos bancarios.
 - o Conocer y aceptar y comprometerse al cumplimiento de las bases reguladoras y la convocatoria de la ayuda así como cumplir los requisitos exigidos en la misma.
 - o **No percibir ninguna otra ayuda económica para el mismo fin, que cubra en su totalidad los gastos de desplazamiento.**
 - o Estar al corriente con los deberes tributarios y de la Seguridad Social, de no estar incurso/a en ninguna de las prohibiciones para obtener la condición de beneficiario/a de subvenciones públicas y de estar al corriente en el cumplimiento de deber por reintegro de subvenciones, y autorizar al ayuntamiento de Bergondo para que realice las comprobaciones oportunas durante el período que dure el proceso.
- En caso de que sea necesario, habrá que presentar la **acreditación de la representación** mediante el modelo **ANEXO II**.
- **Fotocopia del DNI** (*los datos necesarios son el nombre y el número del DNI*). En el caso de presentarla en convocatorias anteriores, si no se modificó a misma, no será necesaria su presentación.
- **Fotocopia del certificado del número de cuenta bancaria.**
 - o En el caso de presentarla en convocatorias anteriores, si no se modificó a misma, no será necesaria su presentación.
 - o El número de cuenta no deberá cancelarse ni modificar su titularidad hasta que no se perciba el importe de la ayuda.
 - o El número de cuenta deberá ser del estudiante. En caso de que el estudiante no disponga de ella podrá ponerse la del padre, madre o representante legal; entendiéndose que el estudiante autoriza (se este fuera mayor de edad) al ayuntamiento a realizar el ingreso en esa cuenta. En caso de que el estudiante sea mayor de edad deberá cubrirse el **ANEXO III**.
- **Certificado o acreditación de estar matriculado/a** en el actual curso académico. Preferiblemente este documento será expedido por el centro de estudios correspondiente. En el caso contrario, se admitirá fotocopia del resguardo de la matrícula y del pago de las tasas correspondientes.

Esta documentación **no será necesaria** para los/as matriculados/as en la **escuela infantil municipal de Bergondo**.

Los **ANEXOS I, II y III** estarán a disposición de los solicitantes en la página web bergondo.gal

6.- Procedimiento de concesiones

Una vez finalizado el plazo de presentación de solicitudes, la trabajadora encargada del expediente, junto con la Concejala delegada del área de educación, procederá al examen de las solicitudes presentadas, que implicará la comprobación previa para verificar que las personas solicitantes reúnen los requisitos exigidos. En caso de que alguna de las solicitudes tuviera algún error u omisión subsanable, le será comunicado a la persona interesada para que, en el plazo máximo e improrrogable de diez días hábiles pueda emendar la falta. Si los errores no se corrigieran o no se cumplieran los requisitos mínimos establecidos, no se admitirá la solicitud.

Finalizada dicha comprobación, el estudio y valoración de las solicitudes se realizará por la comisión de valoración, integrada por los siguientes miembros:

- Presidenta: Alcaldesa del ayuntamiento de Bergondo o persona en quien delegue.
- Concejal de Educación, Cultura y Deportes o persona en quien delegue.
- Tres funcionarios del ayuntamiento, uno de ellos actuando de Secretario de la Comisión.

La comisión de valoración remitirá su propuesta a la Xunta de Gobierno Local, órgano encargado de su otorgamiento. El acuerdo será notificado expresamente a todos los solicitantes de forma fidedigna, por cualquiera de los medios previstos en la Ley 39/2015.

7.-Justificación

A efectos de justificar la ayuda concedida, el ayuntamiento de Bergondo comprobará que los/as estudiantes la destinaron para la finalidad para la que fue concedida.

Para ello, los beneficiarios deberán presentar una vez finalizados los estudios y, como máximo, hasta el 11 de septiembre de 2026, alguno de los siguientes documentos:

- Certificado que acredite que se presentaron, como mínimo, al 50% de las materias en las que se estaba matriculado. Preferiblemente este documento será expedido por el centro de estudios correspondiente. En el caso contrario, se admitirá copia del boletín de notas o del expediente académico en el que se acredite esta circunstancia.
- Certificado de asistencia al centro escolar durante lo curso 2025-2026.

8.-Disposición final

- Las ayudas serán concedidas siempre con el límite presupuestario de la aplicación presupuestaria correspondiente a tal fin dentro del vigente presupuesto municipal.
- En todo lo no previsto en las presentes bases, será de aplicación a Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones y la Ley 9/2007, de 13 de junio, de subvenciones de Galicia, y sus correspondientes desarrollos reglamentarios; así como la Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno, y la Ordenanza municipal de transparencia, acceso a la información y reutilización (BOP núm. 78 del 28.04.2015)

Bergondo, 28 de xullo de 2025

A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez

2025/5011